

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA



CURSO: 2º CICLO EDUCACIÓN INFANTIL

ANO ACADÉMICO: 2020/2021

CENTRO: CEIP DE AGOLADA

INDICE

	Página
1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN	3
2.- CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPENTENCIAS BÁSICAS.....	4
3.- OBXECTIVOS POR NIVEL.....	5
4.- CONTIDOS	10
4.- SECUENCIA DE CONTIDOS.....	17
5.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN.....	50
6.- PROCEDEMENTOS DE AVALIACIÓN	53
7.- INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.....	54
8.- METODOLOXÍA DIDÁCTICA, CONSIDERANDO AS COMPENTENCIAS BÁSICAS COMO ELEMENTO ORGANIZADOR.....	54
9.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.....	56
10.- CONCRECIÓN DO PLAN TIC.....	56
11.- CONCRECIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.....	56
12.- RECURSOS DIDÁCTICOS.....	57
13.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.....	58
14.- PROCEDEMENTOS PARA AVALIAR A PROPIA PROGRAMACIÓN.....	58

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

Para a elaboración da programación didáctica do segundo ciclo de Educación Infantil do CEIP de Agolada tivemos en conta ,en todo momento, a lexislación vixente(decreto 330/2009, do 4 de xuño , polo que se establece o currículo da Educación Infantil na nosa Comunidade Autónoma e a Orde do 25 de xuño de 2009, pola que se regula a implantación , o desenvolvemento e a avaliación do segundo ciclo da Educación Infantil en Galicia).

Na elaboración da nosa programación tivemos en conta , a nova denominación das áreas de Educación Infantil e a importancia que lle outorga a LOE ás competencias básicas, resaltando que é preciso que o seu desenvolvemento se inicie desde o comezo da escolarización.

Contorno Socioeconómico

O Concello de Agolada está situado no centro xeográfico da nosa comunidade, no extremo Nordeste da provincia de Pontevedra. Pertence xunto con Lalín, Rodeiro, Dozón , Silleda e Vila de Cruces á Comarca do Deza. Agolada limita ao Norte co río Ulla ao Sur con Rodeiro e Lalín, ao leste con Antas de Ulla (Lugo), e ao Oeste coas terras de Vila de Cruces. Ten unha poboación de preto de 4000 habitantes que viven distribuídos nas vinte e catro parroquias de Concello. É unha zona eminentemente agrícola e gandeira aínda que o sector servizos e a industria téxtil acaparan cada vez máis traballadores e traballadoras. Ten unha poboación avellentada cun índice de natalidade moi baixo que mellora nos últimos anos grazas á poboación inmigrante, especialmente procedente dos países latinoamericanos. O nivel socioeconómico e cultural das familias é medio-baixo. Só unha pequena parte do alumnado vive na vila, a maioría acoden en autobús das distintas parroquias do Concello, nalgún caso percorrendo ata dezaseis quilómetros.

O centro está adscrito ao Instituto Laxeiro de Lalín , centro ao que se incorpora o alumnado que remata 6º Primaria.

O CEIP de Agolada é un centro de titularidade pública no que se imparten ensinanzas de Educación Infantil e Educación Primaria. No centro están

matriculados 102 alumnos-as: 35 de Ed. Infantil, 67 de Primaria. O colexio dispón de servizo de comedor xestionado polo propio centro e atendido por unha cociñeira e unha axudante de cociña. O catálogo de postos de traballo (DOG 23 agosto 2010) establece para o CEIP de Agolada, os seguintes postos:

Unidades de Ed. Infantil.....	2
Unidades de Ed. Primaria.....	3
Ed. Infantil (2), Primaria (2), FI(1), EF (1), EM (1), OC(1)	

O centro conta con 11 mestres/as, catro profesores/as están compartidos con outros centros.

O centro participa no Proxecto de Anticipación da 1º Lingua Estranxeira polo que os alumnos,-as reciben dúas sesións de media hora de inglés dous días semana.

2.CONTRIBUCIÓN DESDE AS ÁREAS AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPENTENCIAS BÁSICAS

As nosas programacións estarán impregnadas e orientadas polas competencias básicas, téndoas de referente na nosa práctica educativa.

Así para desenvolver as competencias é necesario traballar, sobre todo, por proxectos. Propoñeremos tarefas e retos que inciten ós nenos/as a mobilizar os seus coñecementos e habilidades.

Establécense 8 competencias básicas:

- **Competencia en comunicación lingüística:**
Fomentaremos a participación, respectando a diversidade de respostas e ofrecendo un clima no que anime a ler, escribir e conversar.
- **Competencia matemática:**
Os elementos e razoamentos matemáticos serán empregados para enfrontarse ás situacións cotiás e reais que o precisen.
- **Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico:**
Iniciaremos aos nenos no pensamento científico, potenciando habilidades de investigación: formular hipóteses, recoñecer evidencias,

observar, formular interrogantes, descubrir alternativas, verificar, predecir, xerar novas ideas e solucións...

➤ **Tratamento da información e competencia dixital:**

Proporemos situacións nas cales sexa necesario resolver problemas reais, para o cal se recorrerá ao tratamento da información e ao uso dos recursos tecnolóxicos dispoñibles.

➤ **Competencia social e cidadá:**

Traballaremos as habilidades sociais que permiten mediar nos conflitos de convivencia, axudan a resolvelos con actitude construtiva e a tomar decisións con autonomía.

➤ **Competencia cultural e artística:**

Estaremos abertos ás diferentes manifestacións culturais e artísticas, converténdonos nun espazo en que se aprecie e goce coa arte e coas manifestacións culturais; manteremos unha actitude aberta, respectuosa e crítica cara á diversidade de expresións artísticas e culturais e onde impulemos cultivar a capacidade estética e creadora de cada criatura e o interese por participar na vida cultural e por contribuír á conservación do patrimonio.

➤ **Competencia para aprender a aprender:**

Incidiremos na potenciación da comprensión e da expresión lingüística, da memoria, da motivación, da observación, dos rexistros das aprendizaxes, do traballo cooperativo e por proxectos, da resolución de problemas, posibilitando por parte dos nenos/as a planificación e organización da tarefa que se vai realizar, a selección e o tratamento da información a través dos diferentes recursos tecnolóxicos.

➤ **Autonomía e iniciativa persoal:**

Promoverase nos nenos/as imaxinar, emprender accións, desenvolver proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza e responsabilidade.

3.OBXECTIVOS

Os obxectivos establecen as capacidades que os nenos/as deben conseguir ao finalizar o proceso educativo, referíndose, como mínimo, a cinco grandes tipos de capacidades humanas: cognitivas ou intelectuais, psicomotrices, afectivas, de relación interpersonal e de actuación e inserción social.

A educación infantil contribuirá a desenvolver nas nenas/os as capacidades que lles permitan:

- Coñecer o seu propio corpo e o das outras persoas, as súas posibilidades de acción e aprender a respectar as diferenzas.
- Observar e explorar o seu contorno familiar, natural e social.
- Adquirir progresivamente autonomía nas súas actividades habituais.
- Desenvolver as súas capacidades afectivas.
- Relacionarse cos demais e adquirir progresivamente pautas elementais de convivencia e de relación social, así como exercitarse na resolución pacífica de conflitos.
- Desenvolver habilidades comunicativas en diferentes linguaxes e formas de expresión.
- Iniciarse nas habilidades lóxico-matemáticas e achegarse á lectura e escritura como medio de comunicación, información e gozo.
- Sentir o xesto, o movemento e o ritmo como recursos para a expresión e a comunicación.
- Achegarse, na medida das súas posibilidades, ao uso das tecnoloxías da información e da comunicación.

Estes obxectivos están adaptados ó contexto socioeconómico e cultural no que se sitúa o centro e son concretados a través das 3 áreas curriculares:

ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

- Formarse unha autoimaxe axustada e positiva, identificando gradualmente as propias características, posibilidades e limitacións a través da interacción

coas outras persoas, desenvolvendo sentimentos de autoestima e acadando maior autonomía persoal.

- Coñecer e representar o propio corpo, identificando as súas partes e algunhas das súas funcións, descubriendo as posibilidades de acción e de expresión, e coordinando e controlando cada vez con maior precisión xestos e movementos.
- Identificar os propios sentimentos, emocións, necesidades e preferencias, e ser capaces de expresalos e comunicalos, así como identificar e respectar tamén os das outras persoas.
- Tomar a iniciativa, planificar e secuenciar a propia acción para realizar tarefas sinxelas ou resolver problemas da vida cotiá, aceptando as pequenas frustracións e manifestando unha actitude tendente a superar as dificultades que se presentan, reforzando o sentimento de autoconfianza e sendo quen de solicitar axuda.
- Adecuar o propio comportamento ás necesidades e requirimentos das outras persoas, desenvolvendo actitudes e hábitos de respecto, axuda e colaboración e mais evitando a adopción de comportamentos de submisión ou dominio.
- Progresar na adquisición de hábitos e actitudes relacionados coa seguridade, a hixiene, a alimentación e o fortalecemento da saúde, apreciando e gozando das situacións cotiás de equilibrio e benestar emocional.
- Progresar na adquisición de hábitos de orde, constancia e planificación no desenvolvemento das tarefas.
- Amosar unha actitude de aceptación e respecto polas diferenzas individuais: idade, sexo, etnia, cultura, personalidade, características físicas...
- Descubrir, coñecer e vivir o xogo como medio que favorece a aceptación propia, o desenvolvemento humano, a manifestación de emocións, o

respecto ás demais persoas, a aceptación de regras, a seguridade persoal e a aceptación da identidade sexual e cultural.

ÁREA : COÑECEMENTO DO CONTORNO

- Observar e explorar de forma activa o seu contorno, xerando interpretacións sobre algunhas situacións e feitos significativos, mais mostrando interese polo seu coñecemento.
- Observar os cambios e modificacións a que están sometidos os elementos do contorno e relacionados cos factores que os producen, desenvolvendo actitudes de coidado, respecto e corresponsabilidade na súa conservación.
- Iniciarse na formulación de hipóteses, buscando respostas e explicacións, para anticipar probables efectos que poderían producirse como consecuencia de situacións da vida diaria e dalgúns experimentos realizados.
- Relacionarse coas demais persoas, de forma cada vez máis equilibrada e satisfactoria, interiorizando progresivamente as pautas de comportamento social e axustando a súa conduta a elas.
- Coñecer distintos grupos sociais próximos á súa experiencia, algunhas das súas características, producións culturais, valores e formas de vida.
- Establecer relacións de confianza, afecto, colaboración, comprensión e pertenza baseadas no respecto ás persoas, ás normas e valores da sociedade a que pertencen.
- Apreciar e facer seus algúns elementos significativos propios da tradición e da cultura galega –expresións artísticas, costumes, festas populares, folclore, gastronomía, etc.
- Iniciarse nas habilidades matemáticas, manipulando funcionalmente elementos e coleccións, identificando os seus atributos e calidades e mais establecendo relacións de agrupamentos, clasificación, orde e cuantificación.

- Empregar o coñecemento matemático para interpretar a vida en clave de lóxica, comprendendo situacións e resolvendo problemas: establecendo relacións, explorando, ordenando, comparando, cuantificando, medindo, pesando, etc.

ÁREA: COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

- Utilizar as diversas linguaxes como instrumentos de comunicación, de expresión de ideas e sentimentos, de representación, de aprendizaxe e de gozo.
- Recoñecer a importancia das manifestacións non verbais – o silencio, a mirada, a xestualidade, o olfacto e o tacto- como elementos xenuínos da comunicación humana.
- Comprender que as palabras, escrituras indeterminadas, números, notas musicais, iconas e outros símbolos e signos convencionais poden representar os pensamentos, experiencias, coñecementos, ideas e intencións das persoas.
- Comunicarse oralmente nas dúas linguas oficiais con distintos propósitos – expresar sentimentos, emocións, desexos, ideas...- con diferentes interlocutores e/ou interlocutoras e en diversidade de contextos, valorando a linguaxe como ferramenta de relación cos demais, de regulación da convivencia e de aprendizaxe.
- Comprender a intencionalidade comunicativa doutras nenas e doutros nenos, así como das persoas adultas, adoptando unha actitude positiva cara ás linguas.
- Iniciarse no uso oral dunha lingua estranxeira para comunicarse en actividades contextualizadas e mostrar interese e gozo ao participar nestes intercambios comunicativos.
- Achegarse á lingua escrita a través de distintos tipos de textos.

- Comprender, reproducir, reescribir – tendo en conta as diferentes etapas individuais no proceso de adquisición da lingua escrita- e recrear textos.
- Exploración lúdica das propiedades e características dalgúns corpos xeométricos elementais.
- Vivencia, representación e interpretación do espazo, empregando a imaxinación en debuxos, planos, fotografías, mapas ou outros.

3. CONTIDOS

Os contidos educativos da educación infantil organizaranse en áreas correspondentes a ámbitos propios da experiencia e do desenvolvemento infantil e abordaranse por medio de actividades globalizadas que teñan interese e significado para as nenas/os.

- ÁREA: COÑECEMENTO DE SI MESMO E AUTONOMÍA PERSOAL

Bloque1. O corpo e a propia imaxe.

- O corpo humano. Exploración do propio corpo. Identificación e aceptación progresiva das características propias. O esquema corporal.
- Percepción dos cambios físicos propios e da súa relación co paso do tempo. As referencias espaciais en relación co seu propio corpo.
- Utilización dos sentidos: sensacións e percepcións.
- As necesidades básicas do corpo. Identificación, manifestación, regulación e control das mesmas. Confianza nas capacidades propias para a súa satisfacción.
- Identificación e expresión de sentimentos, emocións, vivencias, preferencias e intereses propios e dos demais. Control progresivo dos propios sentimentos e emocións.
- Aceptación e valoración axustada e positiva de si mesmo, das posibilidades e limitacións propias.
- Valoración positiva e respecto polas diferenzas, aceptación da identidade e características dos demais, evitando actitudes discriminatorias.

Bloque2. Xogo e movemento

- Confianza nas propias posibilidades de acción, participación e esforzo persoal nos xogos e no exercicio físico. Gusto polo xogo.
- O xogo como elemento común a tódalas culturas: xogos propios e doutras culturas.
- Control postural: o corpo e o movemento. Progresivo control do tono, equilibrio e respiración. Satisfacción polo crecente dominio corporal.
- Habilidades psicomotrices finas e grosas a través do movemento corporal.
- Exploración e valoración das posibilidades e limitacións perceptivas, motrices e expresivas propias e dos demais. Iniciativa para aprender habilidades novas.
- Nocións básicas de orientación e coordinación de movementos a través do espazo.
- Adaptación do tono e a postura ás características do obxecto, do outro, da acción e da situación.
- Comprensión e aceptación de regras para xogar, participación na súa regulación e valoración da súa necesidade e do papel do xogo como medio de disfrute e de relación cos demais.

Bloque 3. A actividade e a vida cotiá

- As actividades da vida cotiá. Iniciativa e progresiva autonomía na súa realización. Resolución pacífica de conflitos.
- Regulación do propio comportamento, satisfacción pola realización de tarefas e conciencia da propia competencia.
- Normas que regulan a vida cotiá. Planificación secuenciada da acción para resolver tarefas. Aceptación das propias posibilidades e limitacións na realización das mesmas.
- Hábitos elementais de organización, constancia, atención, iniciativa e esforzo. Valoración e gusto polo traballo ben feito por un mesmo e polos demais.
- Habilidades para a interacción e colaboración e actitude positiva para establecer relacións de afecto coas persoas adultas cos iguais.

- Identidade persoal nas actividades diarias: capacidades, actitudes e coñecementos.

Bloque 4. O coidado persoal e a saúde

- Accións e situacións que favorecen a saúde e xenera benestar propio e dos demais.
- Práctica de hábitos saudables: hixiene corporal e ambiental, alimentación, o consumo responsable e descanso. Utilización adecuada de espazos, elementos e obxectos. Petición e aceptación de axuda en situacións que a requiran. Valoración da actitude de axuda de outras persoas.
- Gusto por un aspecto persoal coidado. Colaboración no mantemento de ambientes limpos e ordenados.
- Aceptación das normas de comportamento establecidas durante as comidas, os desprazamentos, o descanso e a hixiene.
- Prevención de enfermidades e accidentes domésticos: valoración axustada dos factores de risco, adopción de comportamentos de prevención e seguridade en situacións habituais, actitude de tranquilidade e colaboración en situacións de enfermidade e de pequenos accidentes.

- ÁREA: COÑECEMENTO DO CONTORNO

Bloque1: Medio físico: Elementos, relacións e medida

- Exploración de obxectos e materiais no medio: funcións e usos cotiáns, atributos e propiedades. Interese, respecto e coidado polos propios e alleos.
- Clasificación de obxectos e cuantificación de coleccións.
- O comportamento físico de diferentes materiais e obxectos a través da investigación.
- Propiedades e características das formas planas e tridimensionais e exploración no contorno: triángulo, círculo, cadrado, rectángulo, ovalo, esfera, pirámide, prisma.

- Uso do número na vida diaria: identificar, contar, clasificar, numerar, medir e ordenar.
- Operacións de cálculo sinxelas e funcionais e resolución de problemas da vida cotiá.
- Razoamento, reflexión e divertimento a través dos xogos de mesa.
- Magnitudes físicas: peso, lonxitude, capacidade e tempo.
- Orientación temporal a través das rutinas (ó longo do día), e traballo co calendario.
- Orientación espacial: localización, dirección, distancia e posición. Vocabulario topolóxico. Representación e interpretación do espazo, a través de debuxos, planos, fotografías, mapas....

Bloque2: Achegamento á natureza

- Seres vivos e materia inerte: características, diferenzas.
- Observación dalgunhas características, comportamentos, funcións e cambios nos seres vivos. Aproximación ó ciclo vital das persoas e doutros seres vivos.
- Curiosidade, respecto e coidado cara os elementos do medio natural, especialmente animais e plantas. Interese e gusto polas relacións con eles, rexeitando actuacións negativas.
- A auga na natureza: formas nas que se atopa, contribución ao desenvolvemento dos seres vivos e do medio, conservación e o seu uso responsable.
- Observación de fenómenos do medio natural (choiva, vento, día, noite...). Formulación de hipóteses sobre as súas causas e consecuencias.
- Goce de realizar tarefas en contacto coa natureza. Valoración da súa importancia para a saúde e o benestar.

Bloque3: Cultura e vida en sociedade

- A familia e a escola como primeiros grupos sociais de pertenza. Toma de conciencia da necesidade da súa existencia e funcionamento mediante exemplos do papel que desempeñan na súa vida cotiá. Valoración das relacións afectivas que neles establécense.
- Observación de necesidades, ocupacións e servizos na vida da comunidade.
- Incorporación progresiva de pautas adecuadas de comportamento, disposición para compartir e para resolver conflitos cotiás mediante o diálogo de forma progresivamente autónoma, atendendo especialmente á realización equilibrada entre nenos/as.
- Recoñecemento dalgúns sinais de identidade cultural do contorno e interese por participar en tarefas sociais e culturais. Sucesos e persoas relevantes da súa comunidade.
- Identificación dalgúns cambios do modo de vida e os costumes en relación co paso do tempo.
- Interese e disposición favorable por entablar relacións respectuosas, afectivas e recíprocas con nenos/as doutras culturas.

- ÁREA: LINGUAXES DA COMUNICACIÓN E REPRESENTACIÓN

Bloque1: Linguaxe verbal

a. escoitar, falar e conversar

- Emprego e valoración progresiva da lingua oral para evocar e relatar feitos, para explorar coñecementos; para expresar e comunicar ideas e sentimentos e como axuda para regular a propia conduta e a dos demais.
- Uso progresivo, acorde coa idade, do léxico preciso e variado e con crecente precisión, estruturación apropiada de frases, entoación adecuada e pronunciación clara.

- Participación e escoita activa en situacións habituais de comunicación. Acomodación progresiva dos seus enunciados ós formatos convencionais; así como o achegamento á interpretación de mensaxes, textos e relatos orais producidos por medios audiovisuais.
- Emprego adecuada das normas que rexen o intercambio lingüístico, respectando a quenda de palabra, escoitando con atención e respecto.
- Descubrimento e coñecemento progresivo do funcionamento da lingua oral con curiosidade e interese pola análise dos seus aspectos fónicos e léxicos.
- Interese por participar en interaccións orais en lingua estranxeira en rutinas e situacións habituais de comunicación.

b. Aproximación á lingua escrita

- Achegamento á lingua escrita como medio de comunicación, información e goce. Interese por explorar algúns dos seus elemento.
- Diferenciación entre as formas escritas e outras formas de expresión gráfica. Identificación de palabras e frases escritas moi significativas e usuais. Percepción de diferenzas e semellanzas entre elas. Iniciación ó coñecemento do código escrito a través desas palabras e frases.
- Uso, gradualmente autónomo de diferentes soportes da lingua escrita como libros, revistas, xornais, carteis ou etiquetas. Utilización progresivamente axustada da información que proporcionan.
- Interese e atención na escoita de narracións, explicacións, instrucións ou descricións, lidas por outras persoas.
- Iniciación no emprego da escritura para cumprir finalidades reais. Interese e disposición para o uso dalgunhas convencións do sistema da escritura como linealidade, orientación e organización do espazo, e gusto por producir mensaxes con trazos cada vez máis precisos e lexibles.

c. Achegamento á literatura

- escoita e comprensión de contos, relatos, lendas, poesías, rimas ou adiviñas, tanto tradicionais como contemporáneas, como fonte de pracer e de aprendizaxe.
- Recitado dalgúns textos de carácter poético, de tradición cultural ou de autor, gozando das sensacións que o ritmo, a rima, e a beleza das palabras producen.
- Participación creativa en xogos lingüísticos para divertirse e para aprender.
- Dramatización de textos literarios e goce e interese por expresarse con axuda de recurso extralingüísticos.
- Interese por compartir interpretacións, sensacións e emocións provocadas polas producións literarias.
- Utilización da biblioteca con respecto e coidado, valoración da biblioteca como recurso informativo de entretemento e goce.

Bloque2. Linguaxes artísticas: plástica, musical e corporal**a.Plástica**

- Experimentación e descubrimento dalgúns elementos que configuran a linguaxe plástica (liña, forma, color, textura, espazo, volume).
- Expresión e comunicación de feitos, sentimentos e emocións, vivencias ou fantasías a través do debuxo e de producións plásticas realizadas cons distintos materiais, útiles e soportes; técnicas.
- Interpretación e valoración progresivamente axustada de diferentes tipos de obras plásticas presentes no contorno.
- Exploración sensorial dos elementos do contorno.
- Posibilidades de transformación dos diferentes materiais e obxectos.

b.Musical

- Exploración das posibilidades sonoras da voz, do propio corpo, de obxectos cotiás e de instrumentos musicais. Utilización dos sons atopados para a interpretación e a creación musical.
- Recoñecemento de sons do contorno natural e social e discriminación dos seus rasgos (longo-curto, forte- suave, agudo-grave).
- Vivencia do son e o silencio.
- A música: movemento e ritmo.
- Audición atenta de obras musicais presentes no contorno. Participación activa e goce na interpretación de cancións, xogos musicais e danzas.

c.Corporal

- Recursos corporais para a expresión e comunicación e o intercambio afectivo: xestos e movementos.
- Dramatización, danzas, xogo simbólico e outros xogos de expresión corporal: mimo, monicreques, teatro de sombras...

Bloque3. Linguaxe audiovisual e tecnoloxías de información e comunicación.

- Iniciación no uso de instrumentos tecnolóxicos como ordenador, cámara ou reprodutores de son e imaxe, como elementos de comunicación, de expresión, de estratexias, de exploración e investigación...
- Achegamento a producións audiovisuais como películas, debuxos animados ou videoxogos. Valoración crítica do seus contidos e da súa estética.
- Distinción progresiva entre a realidade e a representación audiovisual.
- Toma progresiva de conciencia da necesidade dun uso moderado dos medios audiovisuais e das tecnoloxías da información e a comunicación.

4.- SECUENCIA DE CONTIDOS

4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 3 ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE unidade 1	2º TRIMESTRE. Unidade 4	3º TRIMESTRE unidade 7
	<ul style="list-style-type: none"> • Movements e posturas do corpo. • Normas elementais de relación. • Coidados do corpo: hixiene. • Imaxe global do propio corpo. • Situacións que poden resultar perigosas. • Descubrimento das características do seu corpo globalmente. • Iniciación no coidado e na limpeza persoal. • Identificación da propia imaxe de forma global. • Exploración das posibilidades motrices do propio corpo. • Progresivo control postural. • Identificación dalgunhas situacións que poden resultar perigosas. • Gusto e gozo coas actividades motrices. • Interese cara ás persoas doutras razas. • Aceptación das normas establecidas para o coidado do propio corpo. • Desexos dun aspecto persoal limpo e coidado. • Aceptación das demostracións de afecto das compañeiras e compañeiros. 	<ul style="list-style-type: none"> • Imaxe global do propio corpo. • Características diferenciais do corpo. • Segmentos corporais. • Algúns elementos do corpo: a cabeza e as mans. • Movements e posturas do corpo. • Coidado do corpo. • Sentido do olfacto e do tacto. • Hixiene persoal: a limpeza do nariz. • Distinción de semellanzas e diferenzas entre o seu corpo e o dos outros. • Adquisición progresiva de hábitos relacionados coa hixiene persoal. • Identificación da propia imaxe corporal. • Exploración das posibilidades motrices do propio corpo. • Progresiva coordinación óculo-manual. • Desenvolvemento da destreza manual e da coordinación mediante o manexo do rato do ordenador. • Utilización do sentido do olfacto e do tacto para aprecia-las calidades dalgúns obxectos. • Respecto polas normas establecidas para o coidado do corpo 	<ul style="list-style-type: none"> • Limpeza e orde no medio. • Algúns elementos do corpo. • Algunhas características diferenciais do corpo. • Movements do corpo. • Nocións básicas de orientación temporal: o día. • Sentimentos e emocións propios e dos outros. • Distinción dalgunhas diferenzas e semellanzas entre o seu corpo e o dos outros. • Precisión gradual no uso de pequenos instrumentos. • Adquisición de hábitos de alimentación saudables. • Colaboración e contribución ó mantemento da orde e da limpeza do medio no que se desenvolven as actividades cotiás. • Percepción temporal das rutinas fisiolóxicas e das rutinas cotiás.

4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 3 ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE unidade 2	2º TRIMESTRE. Unidade 5	3º TRIMESTRE unidade 8
	<ul style="list-style-type: none"> • Coidados do corpo: hixiene. • Posturas do corpo. • Sentimentos e emocións propios: alegría. • Movements do corpo. • Reprodución de posturas co corpo. • Coordinación e control progresivo das habilidades manipulativas de carácter fino. • Uso axeitado dos espazos destinados ó aseo e realización autónoma de accións relacionadas con esta rutina. • Coordinación e control do movemento respecto a diversas accións. • Desenvolvemento da coordinación óculo-manual mediante a realización de xogos interactivos no ordenador. • Adquisición de maior capacidade de movemento nas actividades lúdicas. • Regulación progresiva de emocións e sentimentos. • Gusto pola práctica autónoma das normas elementais de hixiene • Iniciativa para realizar accións e actividades novas. • Confianza nas súas posibilidades motrices. • Gusto pola actividade lúdica. • Aceptación e interese por persoas doutras razas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sentimentos e emocións propios a través da expresión corporal. • Necesidades básicas do corpo. • Nocións básicas de orientación temporal: a noite. • Coidado do corpo: protección contra o frío. • Sensacións do corpo: frío-calor. • Movements e posturas do corpo. • Manifesta-la necesidade de axuda cando o crea conveniente. • Progresivo control das necesidades básicas en relación cos estados fisiolóxicos. • Precaución ante situacións que poidan resultar perigosas. • Percepción temporal dos ritmos fisiolóxicos e das rutinas cotiás. • Adquisición de hábitos relacionados coa seguridade persoal. • Autonomía progresiva no vestido. • Esfuerzo por cumprilas normas de hixiene e de alimentación. • Valoración da limpeza e da orde do medio. • Vixilancia ante as situacións e os obxectos que poidan resultar perigosos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Características diferenciais do corpo. • Posturas e movements do corpo. • Necesidades básicas do corpo. • Coidado do corpo: a saúde e a seguridade persoal. • Nocións básicas de orientación temporal: o día e a noite • Identificación de diferenzas e semellanzas entre o seu corpo e o dos outros. • Utilización dos sentidos para descubri-las calidades dos obxectos. • Desenvolvemento de hábitos de observación, memoria, atención, concentración..., mediante a realización de xogos no ordenador. • Progresivo equilibrio de sentimentos e emocións.

4º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 3 ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE unidade 3	2º TRIMESTRE. Unidade 6	3º TRIMESTRE unidade 9
	<ul style="list-style-type: none"> • Necesidades básicas do corpo: sono. • Posturas e movementos do corpo e a súa relación cos segmentos corporais. • As distintas actividades cotiás de xogo e de rutinas. • Normas sinxelas de relación. • A hixiene dental. • Identificación das posibilidades e dos límites do propio corpo. • Reprodución de posturas combinadas realizadas co corpo. • Coordinación progresiva de movementos en actividades manipulativas de carácter fino: punteado. • Adaptación do comportamento en diversas actividades cotiás: de xogo, de obrigas, de rutinas... • Regulación da propia actividade e desenvolvemento de hábitos elementais de convivencia e relación cos seus iguais. • Iniciación na colaboración co mantemento da limpeza do medio onde teñen lugar as actividades cotiás: a casa e o colexio. • Interese por persoas doutras razas. • Vixilancia en situacións da casa que poden resultar perigosas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Hábitos de hixiene e limpeza: limpeza de mans e dentes. • A saúde dental. • Sentimentos e emocións propios. • Movementos do corpo. • Necesidades básicas do corpo: alimentación. • sentido do gusto. • Iniciación no uso axeitado e autónomo de espazos, materiais e instrumentos de hixiene e limpeza. • Coñecemento da importancia dunha adecuada hixiene de mans e dentes. • Desenvolvemento de hábitos relacionados cunha alimentación saudable. • Progresiva autonomía nas rutinas relacionadas coa alimentación. • Manifestación de sentimentos de amizade cara ós seus iguais e cara ós adultos. • Progresiva coordinación óculo-manual. • Progresiva adaptación do ton muscular e da postura nas distintas actividades motrices. • Experimentación con diferentes sabores. • Confianza nas súas propias posibilidades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Sensacións do corpo: a calor. • Limpeza e orde no medio. • Movementos e posturas do corpo. • corpo: segmentos e elementos. • Coidado do corpo. • Identificación de mensaxes corporais que expresan emocións e sentimentos. • Colaboración e contribución ó mantemento da limpeza e da orde nos medios habituais. • Progresiva coordinación óculo-manual. • Progresiva adaptación do movemento e da postura ás características da acción e da situación. • Identificación dalgunhas sensacións que se poden percibir co corpo.

5 NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 4ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE Unidade 1	2º TRIMESTRE. Unidade 4	3º TRIMESTRE Unidade 7
	<ul style="list-style-type: none"> • Movements libres no espazo. • Hábitos de hixiene. • Limpeza e orde na clase. • Sentimentos propios e dos demais. • Colaboración no mantemento da orde e limpeza da clase. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de xogo e á actividade cotiá. • Progresiva autonomía nos hábitos relacionados co aseo persoal. • Coordinación progresiva nas actividades manipuladoras de carácter fino. • Emprego dos sentidos na percepción da realidade exterior. • Desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo con respecto a actividades lúdicas e cotiás. • Adaptación tónico-postural ás distintas accións e situacións. • Manifestación dos propios sentimentos e emocións. • Gusto por iniciar autonomamente as tarefas de xogo e a actividade cotiá. • Valoración e aceptación de persoas doutras razas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Movements do corpo. • Posturas do corpo e a súa relación cos segmentos corporais. • Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos demais. • Imaxe global do corpo. • Segmentos e elementos do corpo. • Sentimentos e emocións propios e dos demais. • Os sentidos. • Coordinación e control das habilidades manipuladoras de carácter fino. • Desenvolvemento da coordinación óculo-manual e da destreza motriz mediante a realización de divertidos xogos de ordenador. • Exploración das características globais e segmentarias do propio corpo. • Comparación do seu propio corpo co dos demais, establecendo semellanzas e diferenzas. • Identificación da propia imaxe. • Emprego dos sentidos na percepción e discriminación das características dos demais. • Valoración e aceptación de persoas doutras razas 	<ul style="list-style-type: none"> • Hábitos de alimentación. • Nocións básicas de orientación temporal. • Movements do corpo. • Segmentos e elementos do corpo: lado dereito. • Control de movements en actividades motrices e manipuladoras. • Emprego dos sentidos para o recoñecemento e a identificación das calidades dos obxectos. • Exploración dos segmentos e elementos corporais. • Control da direccionalidade nas actividades gráficas. • Descubrimento e afianzamento da propia lateralidade, desenvolvéndoa libremente. • Gusto por iniciar autonomamente as tarefas de xogo e actividade cotiá. • Aceptación de persoas doutras razas

5 NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 4ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE Unidade 2	2º TRIMESTRE. Unidade 5	3º TRIMESTRE unidade 8
	<ul style="list-style-type: none"> • Segmentos e elementos do corpo. • Posturas e movementos do corpo. • Os sentimentos e emocións propios e dos demais e a súa expresión corporal. • Desenvolvemento dos hábitos relacionados coa alimentación. • Exploración e identificación do propio corpo e dos segmentos corporais. • Reprodución de posturas co corpo. • Control do movemento en actividades motrices e manipuladoras. • Regulación e control das necesidades corporais básicas en situacións habituais e ocasionais. • Percepción das pautas de comportamento e normas básicas de relación e convivencia nos diferentes contextos. • Adaptación do propio ritmo ás necesidades de acción, de xogo, de movementos doutras nenas, nenos e adultos. • Esfuerzo para supera-las dificultades. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coidados do corpo: hábitos de hixiene. • As distintas actividades cotiás de xogo e os seus requirimentos. • Segmentos e elementos do corpo. • Movementos e posturas do corpo. • Sensacións do corpo: frío-calor. • Nocións básicas de orientación temporal: día-noite. • Accións beneficiosas para a saúde: o deporte. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de actividade lúdica. • Control da direccionalidade nas actividades gráficas. • Desenvolvemento das posibilidades motrices das partes do corpo respecto a accións lúdicas e cotiás. • Autonomía progresiva no vestido. • Desenvolvemento de actitudes de cooperación cos demais. • Adquisición de hábitos que favorecen a saúde: alimentación equilibrada e ambientes non contaminados 	<ul style="list-style-type: none"> • As distintas actividades da vida cotiá: de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos. • Nocións básicas de organización espacial. • Posibilidades motrices e posturais do corpo. • corpo: segmentos e elementos constitutivos: lado dereito. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de actividade cotiá. • Coordinación e control do movemento. • Discriminación do lado dereito en si mesmo/a e nos obxectos mediante a realización de xogos interactivos de ordenador. • Descubrimento da propia lateralidade e libre desenvolvemento desta

5 NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 4ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE Unidade 3	2º TRIMESTRE. Unidade 6	3º TRIMESTRE unidade 9
	<ul style="list-style-type: none"> • Movements e posturas do corpo. • Os sentidos e a súa función na percepción. • As distintas actividades cotiás: de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos. • Nocións básicas de orientación temporal: día e noite. • Adaptación tónico postural ás diversas accións e situacións. • Desenvolvemento das posibilidades motrices do seu corpo respecto a actividades lúdicas e cotiás. • Emprego dos sentidos na percepción das propiedades dos obxectos. • Autonomía en hábitos de hixiene relacionadas coas comidas: lavado de mans e dentes. • Desenvolvemento da coordinación óculo-manual e da destreza motriz mediante a realización de divertidos xogos de ordenador. • Identificación e control das necesidades básicas. • Desenvolvemento de hábitos relacionados coa hixiene, alimentación e descanso. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de actividade cotiá. 	<ul style="list-style-type: none"> • Necesidades básicas do corpo humano. • Normas de relación e convivencia. • O sentido do gusto: doce-salgado. • Movements do corpo e os seus segmentos. • Elementos e segmentos do corpo: lado dereito. • Hábitos saudables de alimentación. • Nocións básicas de orientación temporal: día-noite. • Precisión na manipulación de obxectos. • Adquisición de hábitos relacionados coa alimentación • Discriminación de sabores. • Ordenación temporal das rutinas cotiás: mañá-almorzo, noite-cea. • Interese progresivo polo desenvolvemento físico e pola adquisición de novas habilidades. • Actitude de aceptación das normas relacionadas coa alimentación 	<ul style="list-style-type: none"> • As distintas actividades da vida cotiá de xogo, domésticas, cumprimento de rutinas e os seus requirimentos. • Posibilidades motrices e posturais do corpo e os seus elementos. • Normas de relación e convivencia. • Hábitos de hixiene e alimentación. • Identificación e diferenciación das distintas partes do corpo e segmentos corporais. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de actividade cotiá. • Hábitos elementais de organización, atención e constancia nas distintas actividades. • Desenvolvemento da atención mediante a realización de xogos interactivos. • Coordinación e control dinámico en actividades que supoñen movements globais e segmentarios.

6º NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 5ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE Unidade inicial	2º TRIMESTRE. Unidade 4	3º TRIMESTRE unidade 7
	<ul style="list-style-type: none"> • As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas, de colaboración • Características diferenciais do corpo. • Movementos e posturas do corpo. <p style="text-align: center;">Unidade 1</p> <ul style="list-style-type: none"> • Limpeza e orde na clase e no colexio. • As distintas actividades cotiás: de xogo, tarefas, rutinas, de colaboración..., no ámbito escolar. • Movementos e posturas do corpo. • Planificación de accións secuenciadas para resolver situacións lúdicas ou cotiás. • Control da direccionalidade nas actividades gráficas. • Adaptación do movemento e a postura ás distintas situacións de actividade. • Contribución e colaboración á orde e limpeza do recinto escolar. • Adecuación do comportamento ás distintas situacións de actividade cotiá na escola 	<ul style="list-style-type: none"> • Sentimentos e emocións propios e dos demais. • Segmentos e elementos do corpo. • Articulacións do corpo: cóbado, xeonllo, cintura... • Os órganos dos sentidos e a súa función na percepción. • Características diferenciais do corpo. • Algunhas partes internas do corpo. • Utilización dos sentidos para discriminar calidades dos obxectos: olor, sabor, son... • Identificación de sensacións que podemos apreciar no noso propio corpo: calor, suavidade, dureza... • Percepción dos cambios físicos propios e dos demais co paso do tempo. • Experimentación da noción de dereita en relación ó propio corpo. • Desenvolvemento de hábitos de hixiene, fundamentalmente relacionados coa hixiene dental, empregando de forma autónoma os útiles precisos. 	<ul style="list-style-type: none"> • Características diferenciais do propio corpo respecto ó dos demais. • Movementos combinados. • Accións que favorezan a saúde: alimentación. • Segmentos do corpo: lado dereito, lado esquerdo. • Distinción de semellanzas e diferenzas entre as características e calidades do seu corpo e o dos demais. • Reprodución de posturas combinadas co corpo. • Adquisición de hábitos relacionados coa alimentación. • Control e regulación do propio comportamento en situacións cotiás • Iniciativa e constancia na realización de actividades. • Exploración das posibilidades motrices e posturais do propio corpo. • Coordinación óculo-manual

5 NIVEL DE EDUCACIÓN INFANTIL- 4ANOS			
CONTIDOS TEMPORALIZADOS	1º TRIMESTRE Unidade 2	2º TRIMESTRE. Unidade 5	3º TRIMESTRE unidade 8
